


**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A MANCOMUNIDADE DE O MORRAZO E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A PARA A XESTIÓN DA PLANTA DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS URBANOS DA MANCOMUNIDADE**

No concello de Bueu, o 28 de xullo de 2022 comparecen:

Dunha parte, **Don Félix Juncal Novas** con DNI núm. 52492655P, **na súa condición de Presidente da Mancomunidade de Concellos de O Morrazo**, con CIF núm. P3600020F, actuando en representación da entidade local de conformidade co previsto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Doutra parte, **Don Javier Domínguez Lino** con DNI núm. 35311596-H, **na súa condición de Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.** (en adiante SOGAMA) con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015.

As partes comparecentes recoñécense plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de cooperación, e na súa virtude



**EXPOÑEN**

1. Que, ao abeiro do establecido no artigo 25 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, SOGAMA ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento


no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos.

2. Que, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local e no artigo 9 e concordantes da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia, os concellos ostentan a competencia da recollida, transporte e valorización e eliminación dos residuos urbanos. Neste sendo, a Mancomunidade de O Morrazo construíu unhas instalación de xestión de residuos que aparecen recollidas no Plan de xestión de Residuos de Galicia, e dispoñen dunha planta de transferencia que xestiona a propia Mancomunidade.
3. Que o sistema promovido pola Administración Autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na D.A. terceira da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos, procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.
4. Dito sistema institucional é xestionado por Sogama, para o cal acometeu a construción de múltiples infraestruturas, entre as que se atopan as denominadas plantas de transferencia de residuos, onde as entidades locais adheridas ao sistema entregan os residuos procedentes da recollida domiciliaria, comezando Sogama a súa xestión, tendo establecido un canon unitario por tonelada que engloba todas as operacións de xestión.

5. Non obstante, algunhas entidades locais adheridas ao sistema institucional, dispoñen de plantas de transferencia da súa titularidade e xestionadas directamente polas mesmas, como é o caso da Mancomunidade do Morrazo, polo que a actividade de Sogama comeza no transporte dos residuos.
6. O canon unitario por tonelada que establece a D.A. terceira da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, configúrase como canon único e, no mesmo, inclúense os custos da fase de transferencia. Deste xeito, as entidades locais adheridas que dispoñen e xestionan a súa propia planta de transferencia, asumen xa os custos desta fase, polo que, vía convenio de colaboración con estas entidades locais, se pode regular as condicións específicas desta situación e compensar en parte ditos custos que, ao abonar o canon unitario do sistema, poderían verse duplicados.
7. Complementariamente ao anterior, a integración no sistema institucional de instalacións de transferencia adicionais de titularidade e xestión por parte de entidades locais adheridas, reporta avantaxes para ambas as dúas partes, e, polo tanto, para o servizo público, como son as seguintes:
- Avantaxe para os concellos que forman a Mancomunidade, pois reducen drasticamente os custes de transporte de lixo cos camións de recollida domiciliaria (pequenos e con dous operarios a bordo) á planta de transferencia de Sogama máis próxima.
  - Avantaxes para o medio ambiente pola redución de tráfico pesado dos camións de recollida domiciliaria.

- Avantaxes para Sogama, pois reduce os custos que debería soportar de ter que construír unha nova instalación de transferencia que cumpra os ratios de distancia máxima aos concellos da Mancomunidade, ademais dos custos de xestión e mantemento.


8. Visto o anterior, as partes conveñen que a subscrición do convenio incide directamente en mellorar os obxectivos establecidos na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, que se vinculan á maior cooperación coas entidades locais, aos efectos de conseguir a máxima eficacia dos recursos públicos, logrando tamén unha mellora ambiental, o que redunda nunha mellora do servizo público de interese xeral.



Polo exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de cooperación conforme coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto.



O presente convenio ten por obxecto regular a cooperación entre a Mancomunidade do Morrazo e SOGAMA para a integración, no sistema institucional de residuos de Galicia, da planta de transferencia de residuos urbanos que a Mancomunidade opera polos seus propios medios.

En virtude do presente convenio, a planta de transferencia estará integrada funcionalmente no sistema de xestión de residuos urbanos xestionado por

SOGAMA, sen prexuízo do mantemento da súa titularidade e xestión directa por parte da Mancomunidade, fixéndose as condicións técnicas e económicas de dicha integración.

### **Segunda.- Prestacións á que se obrigan as partes**

A **Mancomunidade do Morrazo** xestionará o funcionamento da planta de transferencia de conformidade coas normas, directrices e prescricións técnicas establecidas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia e en condicións que permitan a entrega dos residuos a SOGAMA.

A Mancomunidade do Morrazo unicamente admitirá na súa planta de transferencia residuos procedentes de concellos ou outras entidades locais integradas no sistema de xestión de residuos de SOGAMA que teñan contrato de servizo en vigor con esta sociedade pública. Igualmente, non poderá admitir outra tipoloxía de residuos que non sexan os procedentes da recollida ordinaria ou da recollida selectiva, polo que non se admitirán residuos industriais, residuos perigosos, residuos voluminosos, etc, que deberán ser xestionados polas canles establecidas para cada tipoloxía de residuos.


A instalación de transferencia deberá estar dotada con contedores de residuos homologados para o seu transporte por ferrocarril e que cumpran as características técnicas necesarias para a compatibilidade coa flota de contedores de Sogama. Un dos contedores estará destinado aos residuos procedentes da recollida selectiva e os outros para os residuos procedentes da recollida de residuos ordinaria. Estes contedores cederanse en uso a SOGAMA, quen deberá mantelos axeitadamente.

Para o correcto desenvolvemento das operacións de carga e descarga de contedores a realizar polo servizo de transporte, a planta deberá dispoñer de

superficie suficiente para que os camiões de transporte de residuos poidan levar a cabo as manobras necesarias para isto. Así mesmo, deberá contar cunha superficie destinada a albergar os contedores durante a realización dos cambios necesarios a fin de retirar contedores cheos e repoñelos cos correspondentes contedores baleiros.


A Mancomunidade procurará que os contedores entregados a Sogama teñan a súa capacidade completa ao fin de evitar ineficiencias no transporte.

A planta de transferencia estará dotada preferentemente de báscula. De non contar coa mesma, a facturación de Sogama, en función do convenio de adhesión ao sistema de xestión institucional, practicarase de acordo ás toneladas pesadas nas instalacións de Sogama en Cerceda.



No caso de que no futuro, a Mancomunidade admitira residuos doutros concellos adheridos ao sistema de xestión institucional, deberá solicitar autorización a Sogama, e, no caso de que non teña báscula propia, deberán comunicar a porcentaxe de residuos correspondente a cada entidade local usuaria da planta de transferencia a fin de poder distribuír correctamente a facturación.

Serán obrigas de **Sogama**, na execución deste convenio de colaboración, as seguintes:




Recoller os residuos transvasados na planta de transferencia, asumindo a súa propiedade dende a entrega e procedendo a súa completa xestión a partir dese momento.

A xestión comprende a recollida de contedores cheos na planta de transferencia da Mancomunidade e o seu retorno a dita instalación unha vez baleirados nas instalacións de tratamento de Sogama en Cerceda.


Como compensación pola xestión de transferencia que, dentro do sistema institucional, asume a Mancomunidade, establécese un importe por tonelada de residuos entregada a Sogama de 4,75 € (impostos IVE excluído).

O pagamento destas cantidades realizarase no prazo máximo de noventa días a partir da emisión da correspondente factura pola Mancomunidade. A demora no pago por parte de SOGAMA determinará para a Mancomunidade o dereito a percibir os xuros legais previstos na lexislación que resulte de aplicación. En todo caso, será condición imprescindible para o aboamento dos importes anteriores, que a Mancomunidade presente as correspondentes facturas, e que a Mancomunidade e/ou os concellos integrantes non teñan débedas con Sogama.



Tendo en conta unha estimación de 26.000 toneladas de residuos ao ano xestionadas procedentes da Mancomunidade, o importe estimado do convenio para SOGAMA é de 494.000 euros sen IVE para os catro anos de duración (543.400 euros, IVE engadido).

Na realización das prestacións previstas no presente convenio, as partes observarán todas as esixencias medioambientais contidas na lexislación e as esixidas pola autoridade medioambiental competente.




### **Terceira.- Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.**

Constitúese unha comisión de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante da Mancomunidade e un representante de SOGAMA, designados polo órgano competente de cada entidade.


En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Estudar e propoñer as modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas.
2. Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función.
3. Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

A handwritten signature in blue ink, enclosed in a blue oval, is positioned to the left of the text.

Os acordos da comisión adoptaranse por unanimidade. No non prevista nesta cláusula, e unicamente na medida en que sexa aplicable, o funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidos na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **Cuarta. Eficacia temporal do convenio**

A handwritten signature in blue ink is positioned to the left of the text.

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos a partir da súa entrada en vigor o 01 de Agosto de 2022.

#### **Quinta.- Causas de resolución do convenio**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a. Polas causas establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- b. Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses.
- c. Por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá comunicarlle ao infractor o requirimento de que cumpra nun prazo determinado as obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control. Se, transcorrido o prazo sinalado na solicitude, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu o comunicará á comisión de seguimento, vixilancia e control, que informará preceptivamente sobre a procedencia da resolución do convenio. En caso de informe favorable á resolución, o acordo poderá declararse resolto pola parte que formulou o requirimento, quen o notificará á outra parte.

- 2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en fase de liquidación que formulará a comisión de seguimento, vixilancia e control, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de ser o caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión de conformidade coa lexislación vixente.

O pago das obrigas derivadas da dita liquidación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable e deberá ser aboada nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Contra o rexeitamento expreso ou tácito

poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

#### **Sexta.- Relación Laboral**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e SOGAMA.

#### **Sétima.- Publicidade**

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).




#### **Oitava.- Natureza xurídica. Xurisdición competente**

O presente convenio constitúe un negocio xurídico excluído do ámbito subxectivo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao concorrer as circunstancias establecidas polo artigo 6.2 de dita Lei. A súa natureza é a dun convenio de carácter administrativo de colaboración, no marco do Plan de Xestión de Residuos de Galicia, entre unha administración pública e unha entidade con personalidade xurídico privada que ten a condición de poder



adxudicador e xestora de dito plan. En consecuencia, correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativo a resolución das cuestións relativas á súa validez, interpretación, execución, efectos e extinción.


E, en proba de conformidade, asinan o presente documento en Cerceda, en triplicado exemplar e para un só efecto,



FOR SOGAMA

**Javier Domínguez Lino**

POLA MANCOMUNIDADE DO MORRAZO



**Félix Juncal Novas**